


## TEMA 8. A CÉLULA

### PREGUNTAS SOBRE A DIVISIÓN CELULAR

1. Se pensamos en relacionar os procesos de división celular cos de reprodución nos seres vivos, que proceso está relacionado coa reprodución asexual: mitose ou meiose? E cal coa sexual: mitose ou meiose? Razona a resposta.
2. Unha célula diploide que sofre un proceso de meiose, pode experimentar despois unha mitose? E outra meiose, é dicir, dous procesos de meiose consecutivos? Razoe as respostas.
3. No esquema obsérvanse tres figuras de procesos relacionados coa mitose ou coa meiose dunha mesma célula. Razona cal o cales corresponden a mitose e cales á meiose:

- a. as tres á meiose.
- b. a e c á mitose e b á meiose.
- c. a e b á mitose e c á meiose.
- d. a e b á meiose e c á mitose.



4. A timidina é un dos nucleósidos (base nitroxenada e desoxirribosa) que forma parte do ADN. Inxéctase timidina marcada nunha célula e, despois dun tempo, obtéñense dúas células fillas que NON teñen timidina marcada. Pensa no ciclo celular e sinala en cal destas fases do proceso se agregou a timidina (razoa a resposta):
  - a. G1
  - b. S
  - c. G2
  - d. Anafase
5. A colchicina é unha substancia que impide a polimeración (construción) dos microtúbulos do fuso acromático. Que consecuencias terá para unha célula en división a acción da colchicina?
6. Se unha célula  $2n$  dunha especie en concreto ten 6 cromosomas, cantos cromosomas e cantas cromátidas irmáns terá cada unha das catro células fillas resultado da meiose?
  - a. 6 cromosomas con 1 cromátida
  - b. 6 cromosomas con 2 cromátidas
  - c. 3 cromosomas con 1 cromátida
  - d. 3 cromosomas con 2 cromátidas
7. Explica mediante un esquema como podes herdar certas características do teu avó materno (busca algunha que realmente conserves, coma a cor dos ollos, o pelo,...). Comeza cun gameto do teu avó e remata nunha célula somática túa.

8. Por que se desempaqueta o ADN despois da división celular se despois a célula vaise dividir de novo? Non sería máis efectivo que continuase empaquetado para aforrar gasto enerxético?
9. Facendo un paralelismo, dise que na división celular os cromosomas teñen o mesmo papel que o morto nun funeral. Podes explicar esta comparación?

NOTA. Axudádevos do libro e os apuntes para responder as preguntas. Mesmo podedes discutir entre vós.

Fonte: <https://anamolina.weebly.com/biologiacutea-y-geologiacutea-1ordm-bach.html>